

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DAS BASES DO IV CERTAME GALETIKTOKERS 2023 DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 11651/2023

Figura no expediente informe proposta de bases do IV Certame Galetiktokers 2023 do Concello de Ames, asinado conxuntamente pola concelleira de mocidade e polo concelleiro de normalización lingüística e as técnicas dos servizos.

Figura no expediente informe favorable conxunto da Secretaría e Intervención (informe A 207/2023 do 11.09.2023)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP nº 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases do **IV Certame Galetiktokers 2023 do Concello de Ames**, que figuran como anexo deste acordo.

Segundo. Aprobar o gasto de 1.800,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3343.48104 do orzamento municipal vixente.

Terceiro. Publicar as bases aprobadas na páxina web do Concello de Ames e o extracto das mesmas no BOP e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Cuarto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Quinto. Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO.

Concellería	Normalización Lingüística / Mocidade
Anualidade	2023
Denominación	IV Certame Galetiktokers 2023
Beneficiarios	Mozas e mozos a partir de 13 anos
Aplicación orzamentaria	3343.48104
Importe da convocatoria	1.800,00 €
Categorías	2 categorías
Importe individual dos premios	6 premios de 300 euros

IV CERTAME DE GALETIKTOKERS 2023

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTIVOS

O certame pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar a creación de vídeos en galego con novos formatos e temáticas e darlle visibilidade á comunidade galega de tiktokers.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS

Mozas e mozos a partir de 13 anos.

TERCEIRA.- CATEGORÍAS

O certame divídese en dúas categorías e a adscrición a cada unha delas dependerá da idade das persoas participantes.

- **Primeira categoría:** mozas e mozos de 13 a 16 anos (ambas as dúas idades incluídas).
- **Segunda categoría:** mozas e mozos a partir de 17 anos.

CUARTA.- PREMIOS

O certame establece seis premios de 300 €.

- Dous premios do público: o vídeo con máis “gústame” no perfil de Instagram [@xuventudeames](#) en cada unha das categorías.
- Catro premios do xurado: os dous vídeos mellor valorados polo xurado en cada unha das categorías.

Os premios daranse a coñecer nunha gala en novembro de 2023.

QUINTA.- CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DOS VÍDEOS

- Os vídeos teñen que estar en lingua galega e deben ser de creación propia a través da aplicación TikTok ou dos reels de Instagram. Será obrigatorio que a lingua teña presenza. Esta presenza da lingua poderá ser oral, escrita ou musical.
- A temática é totalmente libre e terán cabida, por exemplo, pezas audiovisuais relacionadas coa música, o humor, o baile, a interpretación, os efectos especiais, o deporte, etc.
- A duración dos vídeos estará comprendida entre 15 e 60 segundos.
- Non se admitirán vídeos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

SEXTA.- PRAZO DE INSCRICIÓN E PROCEDEMENTO

O prazo de inscrición comeza ao día seguinte da publicación destas bases no BOP da Coruña e remata o **23 de outubro de 2023**.

Para participar no certame solicitarase un formulario de inscrición no correo galetiktokers23@gmail.com e devolverase cuberto e asinado xunto co vídeo.

Todas as pezas admitidas subíranse ao Instagram de Xuventude Ames XA! (@xuventudeames) co cancelo [#galetiktokers](#).

SÉTIMA.- PREMIO DO PÚBLICO

Requisitos para votar: ser seguidor/a do Instagram de Xuventude Ames XA!

A votación do premio do público realizarase a través dos reels publicados no perfil [@xuventudeames](#).

Prazo para votar: Das 11.00 h do 25 de outubro ás 11.00 h do 27 de outubro (2 días).

OITAVA.- XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado estará formado por persoas recoñecidas no ámbito audiovisual e nas redes sociais, que valorarán o atractivo das pezas no seu conxunto, tanto na forma como no contido, tendo en conta aspectos como a **orixinalidade**, a **creatividade**, a **claridade** e a **calidade lingüística**.

NOVENA.- FASE FINAL

Publicaranse todos os vídeos admitidos a concurso, así como o seu título e autoría. Os datos persoais facilitados polas persoas participantes terán como única finalidade a participación no certame e procederase á súa eliminación unha vez se resolva esta convocatoria.

O Concello de Ames reserva o dereito de empregar os vídeos participantes na promoción do proxecto [Galetiktokers](#) en calquera das súas edicións.

A participación neste certame implica a completa aceptación das bases e das decisións do xurado designado.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
15/09/2023 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDDB4CA
15/09/2023 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D0905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIJO, ROSA ANA
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC214F46598F1660E4BB

PRAZOS:

Inscrición e envío dos vídeos: ata o 23 de outubro de 2023

Votación do público (gústame): do 25 ao 27 de outubro nos reels do perfil de Instagram de Xuventude Ames XA!. Para poder votar será necesario ser seguidor/a do Instagram de Xuventude Ames XA! O prazo de votación abrírase e pecharase ás 11.00 h dos días indicados.

Gala de Premios Galetiktokers: novembro de 2023

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 15.09.2023, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría
Alcalde

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
15/09/2023 DCAAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA
15/09/2023 0FD2C3778C7B204298B5CEE0D0905C386F2BBDE1

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC214F46598F1660E4BB